

La Oliva. A ponte entre dúas xeracións

La Oliva. The Bridge between Two Generations

Xurxo MARTÍNEZ GONZÁLEZ

Universidade de Vigo
Departamento de Filoloxía Galega e Latina
xurxomartinezglez@gmail.com

[recibido 19/10/2014, aceptado 26/01/2015]

RESUMO

A prensa provincialista da década dos 40 tivo distintos sucesores ou continuadores. Entre estes destaca *La Oliva* (1856-1857) porque, seguramente, foi o xornal que comprendeu mellor o legado da Xeración de 1846, tanto no eido político como no da cultura galega. Aspiramos a explicar como *La Oliva* representa un elo que une a dúas xeracións e o papel de Antolín Faraldo e Manuel Murguía.

PALABRAS CHAVE: Provincialismo, prensa, Rexurdimento, identidade, literatura.

RESUMEN

La prensa provincialista de la década de los 40 tuvo distintos sucesores o continuadores. Entre estos destaca *La Oliva* (1856-1857) porque, seguramente, fue el periódico que comprendió mejor el legado de la Generación de 1846, tanto en el ámbito político como en el de la cultura gallega. Aspiramos a explicar como *La Oliva* representa un vínculo que une a dos generaciones y el papel de Antolín Faraldo y Manuel Murguía.

PALABRAS CLAVE: Provincialismo, prensa, Rexurdimento, identidad, literatura.

ABSTRACT

The press provincialist 40s had several successors or followers. It highlights *La Oliva* (1856-1857), as it undoubtedly was the newspaper that best understands the legacy of the generation of 1846, both in politics and in the field of Galician culture. We aim to explain how *La Oliva* is a bond connecting the two generations and the role of Antolín Faraldo and Manuel Murguía.

KEY WORDS: Provincialisme, press, Rexurdimento, identity, literature.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, X. (2015): "*La Oliva. A ponte entre dúas xeracións*", *Madrygal (Madr.)*, 18, Núm. Especial: 469-479.

SUMARIO: 1. Consideracións previas. 2. Tempo histórico e nacemento de *La Oliva*. 3. O provincialismo e o elo entre dúas xeracións. 4. Antolín Faraldo e Manuel Murguía: identidade e literatura. 5. Conclusións. 6. Referencias bibliográficas.

1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Os estudos arredor da cultura galega precisan dunha mirada multidisciplinar porque, coidamos, resulta unha necesidade e unha urxencia investigadora afrontar etapas tan decisivas como o Rexurdimento dende un coñecemento o máis amplo e global posíbel. Nese sentido, o profesor Xoán González-Millán alertaba sobre este aspecto no libro *Resistencia cultural e diferenza histórica* (2000), volume que se converteu nunha ferramenta imprescindible para o marco teórico dos estudos galegos.

O noso presente relatorio xira arredor do xornal vigués *La Oliva* na súa primeira xeira, que abrangue dende 1856 ao 1857 e que resulta o noso obxecto de estudo na tese de doutoramento¹. Precisamente, tomando en consideración os apuntamentos de González-Millán, optamos por achegarnos a *La Oliva* dende tres campos científicos: o filolóxico polo que afecta ao Rexurdimento, á estética e produción literarias, á presenza da lingua galega etc.; o sociolóxico a partir do concepto de sociabilidade teorizado por Maurice Agulhon² e a constitución dunha rede de relacións privadas e públicas que atopaba nos cafés, liceos ou academias literarias o espazo ideal de encontro e debate; e comunicativo ao introducirmos as propostas de Jürgen Habermas verbo do nacemento da esfera e da opinión públicas³. Porén, a estes tres eidos analíticos decidimos incorporar, como elemento transversal, o estudo da creación do discurso identitario, a

conformación do repertorio nacional, da memoria discursiva ou da exposición dunha doutrina política.

Por outra parte, a publicación en 2013 do volume titulado *Das Copras de Sarmiento ós Cantares de Rosalía de Castro*, do presidente da Fundación Rosalía de Castro Anxo Angueira, supuxo unha nova percepción da historia da literatura contemporánea que se alicerza no *Coloquio* (1745-1746) do frade bieito Martín Sarmiento. Esta proposta racha de maneira absoluta coa tradición da cronoloxía do Rexurdimento e tamén do propio concepto ao introduci-lo nun período marcado pola Ilustración e non polo romanticismo, que se adoitaba citar como base primordial para os renacementos modernos das literaturas periféricas. O libro de Anxo Angueira convida a unha revisión da periodización do Rexurdimento e a establecer un diálogo coa súa achega tanto para confirmar como para rexeitar as teses expostas.

Por este motivo, e por outros que non imos citar, xa que están fóra do miolo deste relatorio, parece que resulta necesario un congreso da investigación galega para poñer en común o traballo e xerar un debate amplo sobre o que significou o Rexurdimento en todas as súas dimensións⁴. Un reto que o prestixioso investigador da literatura catalá Joaquim Molas enunciaba no seu discurso de clausura no *Col·loqui Jacint Verdaguer* do ano 2005 para o caso da Renaixença e que coidamos moi atinado e axeitado tamén para a nosa realidade⁵.

¹ *La Oliva* publicouse na súa primeira xeira dende febreiro de 1856 deica abril de 1857, cando foi pechada por orde governamental. De inmediato apareceu o seu sucesor *El Miño* que se alongaría até 1868, ano da revolta coñecida como A Gloriosa. Entón a redacción decidiu recuperar o título orixinario do xornal, *La Oliva*, pero manter a numeración d' *El Miño* para demostrar así a continuidade do mesmo proxecto e o triunfo final da proposta periodística do progresismo e democratismo vigués.

² Para unha aproximación ao respecto véxase Agulhon (1966 e 2009) ou o volume coordinado por Maza Zorrilla (2002).

³ Véxase Habermas (1982).

⁴ Dalgún xeito os motivos da solicitude cun encontro arredor do Rexurdimento están recollidos no artigo "Por un congreso arredor do Rexurdimento", publicado no diario dixital *Praza Pública* (01/10/2014): <http://praza.gal/opinion/2064/por-un-congreso-arredor-do-rexurdimento/>.

⁵ Véxase Molas (2005).

2. TEMPO HISTÓRICO E NACEMENTO DE LA OLIVA

Calquera produto ou suceso cultural debe ser comprendido dentro dun contexto histórico para valorar as condicións en que foi producido, o impacto que causou entre os suxeitos do seu tempo ou as repercusións na conformación dun discurso. *La Oliva* é un xornal que nace debido, en boa parte, a que existe un ambiente sociopolítico e cultural que o favorece: o goberno presidido por Espartero durante a etapa do Bienio liberal (1854-1856), que xurdira á calor do triunfo da Vicalvarada⁶. A modificación na lei de imprenta e de prensa, que ampliaba as liberdades e reducía as esixentes condicións económicas de publicación establecidas nos gobernos conservadores, facilitaba o florecer de cabezallos xornalísticos que na súa meirande parte estaban adscritos ao Partido Progresista e ao Partido Demócrata (quen máis sufrían os recortes de dereitos de opinión nos períodos moderados).

O 3 de novembro de 1853 saía o primeiro número de *Faro de Vigo*, na imprenta de Ángel de Lema, promovido polo sector moderado da cidade pero que mantiña tamén unha postura a prol do provincialismo. Esta mestura debíase, sobre todo, a un dos seus primeiros directores e fundadores, José María Posada, quen colaborara coa prensa provincialista da década dos 40 sen agochar a súa simpatía polo moderantismo⁷. A redacción de *Faro de Vigo* interveu axiña e con forza na nacente opinión pública viguesa. Os asuntos locais, nacionais e estatais eran tratados nas páxinas do periódico, o cal permitíalle distribuír doutrina e moitas veces condicionar ou seleccionar a temática dos debates nos cafés, liceos ou lugares habituais de lectura (incluídos os espazos informais de lectura en voz alta).

A mudanza governamental de 1854 acelerou a posta en marcha da iniciativa dos progresistas e demócratas vigueses. Así, no outono de 1855 practicamente xa estaba configurado o equipo redactor e impresor do novo xornal, *La Oliva*. O patriarca do liberalismo e do progresismo local era José María Chao, coñecido boticario ribadaviense de conspicua militancia liberal e que pasaría á historia por ser acusado de mandarlle un paquete bomba ao daquela capitán xeneral de Galiza, Nazario Eguía, que lle levaría a man dereita e varios dedos da esquerda. Ademais, José María Chao vivira o ambiente provincialista da década dos 40 e incluso participaría na Academia Literaria, lugar por excelencia de socialización dos galeguistas daquela altura.

O boticario era pai de Eduardo e Alejandro Chao. O primeiro destacou por ser fundador do Partido Demócrata en 1849, resultado dunha escisión do Partido Progresista logo das revoltas dun ano antes en Europa; chegou a ser ministro na Primeira República; publicou unha numerosa obra de temática tan diversa que ía da política á botánica, da historia á meteoroloxía; e destacou, tamén, pola súa continuada defensa dos intereses da cidade adoptiva, Vigo. O segundo, Alejandro, educouse baixo a tutela do seu irmán Eduardo, nas mesmas ideas políticas pero tamén no sentir provincialista, e formouse como editor, fundando en Cuba a importante casa editorial La Propaganda Literaria, da cal saíra anos despois as *Follas novas* de Rosalía de Castro⁸.

Mais á familia Chao tamén estaban ligados José Ramón Fernández Domínguez, alcumado Carballo, que resultaba ser o líder do progresismo vigués. José Ramón Fernández estaba casado con Concepción Chao, filla do boticario. E outra filla deste, Emilia Chao, casou en 1863 con Juan Compañel, coñecido impresor

⁶ Tamén é coñecida como Bienio progresista, pero coidamos máis atinada denominala Bienio liberal posto que o goberno era o resultado dun pacto entre os progresistas de Espartero e os moderados de O'Donnell.

⁷ Algúns dos seus escritos están publicados en *El Idólatra de Galicia*, *El Porvenir* e *La Aurora de Galicia*, da que foi fundador.

⁸ Véxase Martínez González (2013).

e xornalista. Incluso Manuel Murguía entroncaría con esta estirpe (esquecida inxustamente en tantos manuais de historia) ao ser o Alejandro Chao o padriño da súa primeira filla, Alejandra Murguía de Castro (o nome precisamente se debe a este). Pero aínda podemos engadir máis ao lembrar que a propia Rosalía de Castro estaba emparentada directamente cos Chao pola rama dos Hermida, como temos sinalado noutro lugar⁹.

O reparto da proxenie Chao nos mandos de control de *La Oliva* é a seguinte: Alejandro Chao, redactor-xefe; José Ramón Fernández, primeiro director por poucos meses e o encargado de soste economicamente o proxecto nos intres de acoso e censura por parte dos moderados; Juan Compañel, o editor, impresor e verdadeiro director que estivo á fronte practicamente durante toda a existencia do xornal; Manuel Murguía, o director do apartado literario; e, como protector ideolóxico e político, o deputado en Cortes, Eduardo Chao Fernández. Todos eles progresistas e demócratas cunha forte pegada (con distintas intensidades en cada un deles) da doutrina (proto) nacionalista.

Logo desta disección dos homes encargados de conformar a anatomía de *La Oliva* cómpre sinalar que o combate dialéctico entre este periódico e *Faro de Vigo* foi unha constante. Deste diálogo, non sempre amábel, extraemos as principais ou máis destacadas posicións do Vigo de metade do século XIX en asuntos moi variados e que ían dende o económico ao cultural pasando polo político. Un confronto que expresaba de cara á sociedade os intereses dos moderados e dos progresistas-demócratas (en clara alianza local). A esfera pública consolidouse precisamente porque existía esta disparidade no tratamento informativo (case sempre politizado) e porque se reproducía en

numerosas veces as discusións existentes nos espazos de sociabilidade formal e informal. A prensa era lida, reflexionada e comentada en alto en diversas ocasións, o cal alimentaba os propios contidos do xornal.

3. O PROVINCIALISMO E O ELO ENTRE DÚAS XERACIÓNS

A situación de atraso e marxinação que vivía a Galiza de 1854 non se diferenciaba apenas da vivida dez anos antes. En todo caso, empeorou por mor das desfeitas acontecidas contra 1853 (con consecuencias máis daniñas para o pobo galego das derivadas da crise alimentaria de 1846) e que provocaría a gran fame, a coñecida como a “fame irlandesa”. As crónicas da época detallan situacións de verdadeira miseria e a expansión do cólera. O Xoán Manuel Pintos escribira o poema que encetaba: “Deitouse a fame ao longo nos sembrados...”¹⁰. O galego de Castropol, Ramón Pasarón Lastra, na intervención ante a comisión da Congregación de Santiago Apóstol, describía:

Véanse los caminos cubiertos de labradores que emigraban en tropel de sus aldeas para ir á implorar la caridad pública en los pueblos. Mas de una vez se presenció el espectáculo desgarrador de una madre que no pudo dar á su hijo espirante otro alimento que lágrimas de dolor y desesperación. La huella fatídica que dejaban en pos de si estas funestas comitivas, marcabanla los cadáveres y agonizantes hermanos de su infortunio. Los campos quedaron sin cultivo por falta de siembra; las casas de los colonos fueron abandonadas, y la soledad y la muerte reemplazó á la animación y á la vida de otros años. (1853: 5)

O xurista da Galiza irredenta, ademais, sostíña con rotundidade que non faltaba comida senón que estaba mal distribuída: “No faltaban alimentos; non. Sobraban” (1853: 5).

⁹ Véxase Martínez González (2014b).

¹⁰ A fame e as súas consecuencias aparecen como motivo literario de denuncia social nalgúns escritores do Rexurdimento. Aurelio Aguirre, Xoán Manuel Pintos ou Rosalía de Castro, quen escribira en *Follas novas* “Tempra un neno no húmido pórtico/ da fame e do frío”.

Non menos impactante é esta alocución do arcebispo compostelán Miguel García Cuesta:

El espectáculo desgarrador de ancianos, muges y niños que vienen de las aldeas á esta ciudad mostrando sus rostros macilentos y escualidos, sus brazos descarnados, su desnudez y miseria; el de algunos infelices que sabemos han caído muertos en los caminos antes de poder ser socorridos. (*id.* 4)

Porén, aquela epidemia potenciou un discurso dentro do repertorio político (nacional e estatal) arredor do desequilibrio estrutural do antigo reino galego e, á vez, a aparición de medidas nalgúns casos de dubidosa ética¹¹. Unha desas medidas, presentadas como vías de posíbel salvación das familias empobrecidas, correspondeu á emigración, que se tornou masiva. Pero as condicións en que marchaban, traballaban e vivían eran de escravitude, sobre todo na illa de Cuba. A lei que amparaba estas prácticas inhumanas foi promovida por un deputado en Cortes pola provincia de Ourense, Urbano Feijó Sotomayor, e que estaba venciado ao negocio do transporte transatlántico¹². *Faro de Vigo* dedicáballe un editorial a este particular e narra: “Tenemos fundadas sospechas para atrevernos a asegurar que se piensa más en sustituir la falta de la raza negra con los hijos de la desdichada Galicia en la Isla de Cuba, que satisfacer á estos el trabajo duro y penoso á que se van á dedicar” (*Faro de Vigo* 39, 16/03/1854). Os escravos galegos cobraban 5 pesos ao mes fronte aos 20 dun escravo negro.

Este estado de desatención que vivía o pobo galego xeraba un sentimento de protesta que se dirixía contra as instancias políticas. Na xeración dos provincialistas de 1846 podemos atopar en varios xornais (*El Centinela de Galicia*,

La Aurora de Galicia etc.) esta alerta sobre a marxinação que padecía Galiza; agora poderémola atopar na prensa provincialista de 1856 como en *La Oliva* ou no herculino *El Defensor de Galicia*, ambos dignos herdeiros do pensamento provincialista da década dos 40. Leamos precisamente unhas liñas do xornal vigués:

como nosotros, el *Clamor de Galicia*, ha sostenido la honra y el honor del suelo gallego, y la de sus hijos, cuando estos se vieron objeto de insolentes ataques; como nosotros en fin, se ocupaba un día y otro día en ilustrar nuestros más difíciles problemas sociales con respecto á las cuatro provincias, en señalar los motivos de nuestro atraso, en alentar nuestra naciente industria, en pedir protección para la muerta agricultura y en resucitar no solo nuestra escasa literatura provincial, sino en tenderla una mano amiga que la arrancase de su criminal abandono. (*La Oliva* 63, 06/09/1856)

Así foi a relación entre eles aínda que mediase algunha diferenza ideolóxica e algún matiz de consideración nacional como a polémica levantada co gallo da homenaxe que *La Oliva* realiza os Mártires de Carral e a súa consideración como un suceso galego¹³. Pero coruñeses e vigueses uníanse na denuncia ao maltrato de Galiza e na defensa dos intereses patrios. Esa irmandade, da que gustaba aludir Benito Vicetto, existía nos feitos concretos. Por exemplo, cando *El Defensor de Galicia* desapareza, logo da represión do goberno de Narváez, *La Oliva* ofreceu as súas páxinas para que colaborasen e publicasen, como así farían de maneira profusa.

La Oliva e logo *El Miño* converteríanse nos voceiros do Rexurdimento. Nas súas páxinas publicaron os máis sobranceiros escritores daquel período e recuperouse a memoria

¹¹ Propostas que contrastan con traballos como o presentado por Ricardo Aparici y Soriano nos Xogos Florais de Pontevedra, no ano 1861. O seu ensaio, premiado co ramo de “azahar de prata y oro”, reflexionaba arredor do tema proposto: “Males que causa la extremada subdivisión de la propiedad en Galicia y medios de evitarla”.¹² Sobre la editorial Nova y la construcción de su catálogo en el periodo 1942-1947, véase el trabajo de Pérez Rodríguez (2013).

¹² Para máis información sobre a situación dos galegos en Cuba véxase Cambrón Infante (2000).

¹³ Véxase Villares (2008).

daqueles persoeiros esquecidos. Asistimos a un exercicio de composición do imaxinario común e a dotación de capital simbólico e nacional a escritores, institucións ou feitos históricos. Unha boa proba da importancia do xornal dirixido por Juan Compañel, no aspecto que nos atinxe, foi a saída á luz en 1858 d' *El Álbum de El Miño*, con prólogo do propio director, editor e impresor.

Para os membros do que denominaremos Xeración de 1856¹⁴ existía un precedente, coñecido de propia man por moitos deles que foran testemuñas directas dos feitos: o pronunciamento de abril e posteriores fusilamentos de Carral que dan nome á Xeración de 1846¹⁵. Entre ambas partes había persoas que facían de ponte xa que tiveran unha especial relevancia pública por distintos motivos. Son o caso de Eduardo Chao, Benito Vicetto e, sobre todo, Ramón de la Sagra¹⁶. Os participantes da década dos 50 quixeron ademais facer pública ou latexante a súa estreita relación coa anterior fornada intelectual.

A Xeración de 1846, tamén chamada do Primeiro Provincialismo¹⁷, foi a encargada de inaugurar unha prensa de claro carácter galeguista. Nela expónse as demandas e un programa (difuso) do que se comprendería como

provincialismo, entendido como unha primeira expresión do proceso de construción da identidade nacional. Basta ler os artigos asinados por Antonio Neira de Mosquera ou Antolín Faraldo (o máis significado) nas páxinas d' *El Recreo Compostelano* ou d' *El Porvenir*.

Aquela grea de militantes (case todos progresistas) atopaba na Academia Literaria o lugar de encontro, debate e conspiración que adoitaba ter continuidade nos cafés. Unha academia que xurdía en boa parte para ofrecer unha actividade lúdico-política que o mundo estritamente académico da Universidade de Santiago de Compostela carecía¹⁸. O mesmo sucedeu con aqueloutra institución chamada El Liceo de la Juventud, que operou dende o 26 de abril de 1847, o primeiro aniversario dos fusilamentos dos Mártires de Carral, e impulsada por, entre outros, Antonio Neira de Mosquera¹⁹.

A simboloxía e o proceso de mitificación creados a partir dos asasinatos na vila coruñesa convértense nun elo crucial que pon en correspondencia e directa comunicación a acción dos provincialistas de 1846 e a dos de 1856. Referínos tanto á recreación dun discurso identitario como á continuidade na escola estética e cultural. Murguía, por exemplo, relatará dende

¹⁴ Referímonos así ás persoas nadas na década dos anos 30 e que estiveron ligadas a El Liceo de la Juventud, á prensa provincialista de *La Oliva/El Miño* ou d' *El Clamor de Galicia/El Defensor de Galicia* ou que participaron no xantar democrático de Conxo. Citemos algúns nomes sen ánimo de exhaustividade: Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, os irmáns Puente y Brañas e os Rodríguez Seoane, Rosalía de Castro, Alejandro Chao ou Leandro Saralegui.

¹⁵ Integra as persoas nadas na década dos anos 20 e que centraron a súa actividade cultural e política entre 1840 e 1846, época na cal coinciden na prensa provincialista, na Academia Literaria e no levantamento cívico-militar de abril de 1846. Algúns nomes: Antolín Faraldo, Antonio Neira de Mosquera, os irmáns Rúa Figueroa, Antonio Romero Ortiz ou Alberto Camino.

¹⁶ Os tres colaboraron na primeira xeira de *La Oliva* aínda que a novela por entregas de Benito Vicetto, *El lago de la Lima*, foi anunciada xusto semanas previas do peche. Polo cal, imaxinamos, publicaríase xa nas páxinas d' *El Miño*.

¹⁷ Non concordamos con esta denominación pola causa de ter dúbidas sobre o feito de considerala como a primeira xeración provincialista que, en consecuencia, negaría a existencia dunha fornada previa. Creemos que, á luz da investigación recente sobre a Ilustración galega, a guerra contra os franceses e a época do Trienio liberal, cumpriría revisar esta adxectivación.

¹⁸ Cómpre lembrar o "patrocinio" efectuado polo capitán xeneral de Galiza, Martín José Iriarte, brazo dereito do rexente Espartero.

¹⁹ Nalgún intre debérase volver sobre Antonio Neira de Mosquera para estudar con detalle a súa obra xornalística, cultural e estética. Incluso, analizar o seu concepto de romanticismo e que pegada tivo na súa actividade literaria.

as páxinas de *La Oliva* as súas propias lembranzas de cando era un cativo agochado na botica do seu pai, na compostelá Praza do Pan; Aurelio Aguirre, no mesmo número, dedicáralles un poema²⁰; e Juan Compañel traballaba xa en 1846 na imprenta da cal saíu o portavoz do goberno insurrecto: *La Revolución*. Os tres pretenderían, pasados os anos, institucionalizar a data do 26 de abril dentro do calendario histórico do pobo galego como símbolo dunha loita heroica de final dramático, un episodio de epopea nacional que deba enxalzar o sentimento e o compromiso patrios. Un reto acadado con éxito á vista do presente e que ligaba de xeito indestrutíbel a ambas xeracións, con *La Oliva* como taquígrafo.

Porque os asasinados se converteron nun símbolo da liberdade e a declaración da *Junta Superior del Gobierno de Galicia* nun texto de denuncia da condición colonial que padecía a nosa terra. Todo isto dentro da atmosfera dun romanticismo que florecía por uquer e favorecía a aceptación dun discurso desta fasquía. Os mártires introducíronse no elenco do repertorio imaxinario común e obtivo un notábel poder de cohesión nacional. E a literatura contribuíría dende a produción de distintos textos líricos ou ensaios históricos para a súa difusión²¹.

Porén, e retomando a relación entre ambas xeracións por medio da prensa, debemos dicir que en *La Oliva* ten maior peso a doutrina progresista ca provincialista, sen que esta quede excesivamente á marxe ou esquecida. Pero si marca unha lixeira diferenza coa prensa da década dos 40 en que a tendencia era ao revés: a demanda provincialista dominaba as páxinas dos periódicos. Esta dominación dun ou doutro esquema político influiría poderosamente no Rexurdimento ou na cápsula que dotaba de substancia nacional ao proceso renacentista moderno. Así non pode estrañarnos que

a meirande parte dos suxeitos integrados no Rexurdimento militasen ou simpatizasen nas ideas avanzadas.

Tampouco debe considerarse un dato menor que practicamente toda a prensa dos 40 xorde nos círculos culturais de Compostela e *La Oliva* nace no contexto vigués de combate e pugna entre moderados e progresistas, con *Faro de Vigo* escribindo a historia da cidade dende os seus postulados ideolóxicos.

A ligazón entre ambas xeracións e a vontade de que así se exprese publicamente aparece unha vez máis na presentación do folletín literario de *La Oliva*, cando se enumera a varios escritores mortos que participaron na chamada literatura provincial. A meirande parte deles formaron parte das fileiras do provincialismo da década dos 40: Neira de Mosquera, Alberto Camino, Antolín Faraldo, Martínez Padín ou Vicente Manuel Cociña. Esta enumeración forma parte dun exercicio de creación da memoria discursiva onde se mestura a tarefa cultural, política e xornalística. Manuel Murguía sería o principal sostén desta memoria onde operaba con mecanismos de inclusión e exclusión que marcarían a historia do galeguismo político pero tamén do galeguismo literario. Reparemos nas acedas distancias con Alfredo Brañas, no eido político, ou con Valentín Lamas Carvajal ou Jesús Muruais, no eido literario²².

Murguía escolle a Antolín Faraldo como símbolo daquela xeración que é a máis inmediata predecesora á súa. Sitúao como o líder e o máximo expoñente das aspiracións daquel grupo. Por iso, con el, Murguía inaugura a obra *Los precursores*. Esta privilexiada situación de apertura no volume e a louvanza ao betanceiro no propio texto é extensiva a toda aquela xeración, da cal a súa quinta recolle o legado, e dótaa dunha transcendencia especial. Esta declaración gabanciosa resulta

²⁰ Véxase *La Oliva* 25 (26/04/1856).

²¹ Poñamos por casos os poemas de Aurelio Aguirre ou Eduardo Pondal e a prosa de Francisco Tettamancy ou Manuel Lugrís Freire.

²² Cumpriría repasar deica cal punto Murguía influíu para que o grupo máis próximo ás ideas do republicanismo federal derrotado en 1873 fose ficando á marxe dentro da memoria política de Galiza.

a fin de contas a aproximada sinalización das raizames do Rexurdimento segundo a concepción do polígrafo galego e que será tomada en consideración por investigadores como Carme Hermida (1992). Denantes do acontecido en 1846 non había nada ou, como diría o propio Murguía, “Una verdadera noche reinaba en el cielo literario de Galicia”.

As xeracións de 1846 e 1856 serviron como un sustento do máis resistente no proceso constituínte da cultura nacional. Insistimos na necesidade de revisar criticamente a labor realizada polos ilustrados a finais do XVIII e a dos inmediatos sucesores de inicios do XIX para posuír unha panorámica de situación ou elaboración dos elementos identitarios que promoveron dende a súa obra. Logo, debemos calibrar cantos deses elementos, e en que graduación, foron empregados para desenvolver a literatura galega contemporánea (pensemos, como sinala o profesor Anxo Angueira (2013), na exaltación do popular en Sarmiento e da que será debedora a poesía do XIX) pero tamén para desenvolver as potencialidades dunha nación periférica.

4. ANTOLÍN FARALDO E MANUEL MURGUÍA: IDENTIDADE E LITERATURA

A data de independencia do campo literario con respecto do campo político é unha análise complexa para a historia da literatura galega. Non é o noso propósito enfrontarnos a isto no presente artigo pero si redactar algunhas notas sobre a relevancia de Antolín Faraldo e, sobre todo, de Manuel Murguía na configuración do protosistema literario galego. Dúas persoas integradas nun colectivo xeracional do cal non se pode deslindar pero, como advirte Even-Zohar, “existen también innegables evidencias de acciones individuales deliberadas en la configuración de repertorios, cuyo éxito puede atestigüarse a través de la Historia” (1999: 40).

O manifesto “Nuestra bandera literaria”, aparecido nas páxinas d’*El Porvenir* (1845) foi analizado pola investigadora Ríos Panisse (1993). O radicalismo expresado por Faraldo neste texto dótao dun lugar destacado no eido político e cultural. A citada estudosa sinala o intento do líder provincialista en establecer os marcos identitarios que definirían o provincialismo político do que era debedor en bo medida certo provincialismo literario:

Seguindo a Vereá [e Aguiar] buscou unha orixe étnica propia (a celta), delimitou o territorio galego (o das *catro provincias unidas* que constitúen o *Antigo Reino de Galicia*) e dotounos dun alma cultural específica que el baseou na *organización sueva* e no *dogma cristiano* (neste último aspecto relixioso aplicando a Galicia as ensinanzas de De la Sagra). Ademais insinuou moitas das ideas logo empregadas para encamiña-la nosa posible independencia (*atlantismo e xermanismo fronte a mediterraneísmo e latinismo; europeísmo fronte a africanismo; idealismo romántico historicista fronte a pragmatismo clásico*) indicando o camiño do progreso, da abertura, da *comunicación* e a necesidade de aglutinar e formar un país por medio dunha *capital* que organizase o desenrolo equilibrado de Galicia. (1993: 158-159)²³

Do mesmo parecer é Anxo Tarrío:

cando en 1845, no xornal de Santiago de Compostela *El Porvenir*, uns mozos universitarios, (...), proclamaban un manifesto titulado ‘Nuestra bandera literaria’ a súa rebeldía, nacía a *literatura galega*; quero dicir que se daba inicio ao proceso de formación da literatura galega contemporánea, iso que hoxe chamamos *sistema literario galego*. (2004: 446)²⁴

Efectivamente, o propio feito de enunciarse “literatura galega” supoñía marcar unha distinción ante a “literatura española”. Non había naquel intre ningún tipo de tensión entre ambas literaturas e, coidamos, os provincialistas asumían (ou desexaban) que o proxecto político

²³ A cursiva está no orixinal.

²⁴ Tarrío aclara que o uso de *sistema literario galego* é unha licenza xa que o seu uso para aquela época resultaría un “abuso terminolóxico”. A cursiva está no orixinal.

galego se integraba no proxecto progresista español (por tanto, nun esquema descentralizado) en plena igualdade con todas as culturas e linguas peninsulares. Incluso asumindo o tratamento colonial dado a Galiza que un hipotético goberno progresista ou democrático tería que reverter.

Manuel Murguía, que como Antolín Faraldo destacou pola súa faceta política e cultural, redactaría tres senlleiros artigos que asentaron a visión e concepción do que é a literatura galega contemporánea. El, canda os seus colaboradores, encargouse de introducir o criterio filolóxico para determinar a nosa expresión literaria e asumía a importancia da escrita en galego, un verdadeiro órdago ao *habitus* do sistema literario español. Os devanditos artigos son: “De las diversas causas que han influido de una manera desfavorable en el desarrollo de nuestra literatura provincial”²⁵, “Del poeta de Galicia”²⁶ e “Poesía gallega contemporánea”²⁷. Velaquí a cerna do desenvolvemento posterior da idea de “literatura galega” durante o propio Rexurdimento, época decisiva para determinar o que é e non é parte do noso acervo cultural.

Hoxe valoramos a necesidade de tomar en consideración a todos os autores que tratan temática galega ou están intimamente ligados ás redes culturais de Galiza. Ler Neira de Mosquera, Aurelio Aguirre, Benito Vicetto, Teodosio Vesteiro Torres ou a obra en castelán de Rosalía de Castro é imprescindible para fixar a paisaxe do Rexurdimento. Pero se cada, de facermos un exercicio de imaxinismo histórico, Murguía atinou ao fixar o criterio filolóxico para contrapolo ao sistema literario dominante, o español. Cumpría nese período distinguir dalgún xeito a nacionalidade e a produción cultural desta. O mellor medio era a lingua e a literatura.

Belén Fortes, no seu libro *Manuel Murguía e a cultura galega* (2000), destaca a seguinte

relación de diferenzas entre a literatura galega e a española que fixo Murguía, interesado decote en trazar esa delimitación: fondo/forma, espontaneidade/artificio, sentimento/imaxinación, tristeza e melancolía/optimismo e arrogancia, suavidade e dozura/aspereza e dureza, poesía subxectiva/poesía obxectiva e unha métrica que segue o estilo popular (2000: 82-87). Belén Fortes conclúe que “o principal obxectivo literario de Murguía, coincidente co espírito do Rexurdimento, é consolidar unha literatura galega ‘en galego’” (2000: 58).

Tanto Faraldo como Murguía aliaron literatura e discurso identitario. Pouco hai neles que non leve este signo. Polo tanto, a relación de dependencia entre o campo literario e o campo político é sólida e duradeira no tempo.

5. CONCLUSIÓNS

Apenas unhas breves liñas. A intención deste relatorio era amosar a *La Oliva* como unha ponte comunicativa entre dúas xeracións xurdidas nunha nación marcada pola experiencia da subalternidade. A continuidade no pensamento provincialista e progresista (cando non democrático); a continuidade no interese polo pasado e exaltación de sinalados devanceiros e a súa obra; a continuidade na necesidade de artellar a literatura galega como expresión do “xenio creador do pobo galego” amosan esa férrea relación. *La Oliva*, e logo *El Miño*, retoma unha tradición que nunca deixou de existir (lembramos unha vez máis a tarefa de Neira de Mosquera nese período intermedio de 1846 a 1856) e propulsouna na esfera pública para sometela a debate, mestura e promoción.

En *La Oliva* está a primeira homenaxe pública os Mártires de Carral, que simbolizan a fin do período emerxente dos provincialistas da década dos 40. O folletín literario comeza cun texto de presentación que reivindica a varias das figuras centrais, xa mortas, naquela

²⁵ Véxase *La Oliva* 96 (31/12/1856), 97 (03/01/1857), 101 (17/01/1857) e 102 (21/01/1857).

²⁶ Véxase *La Oliva* 125 (21/03/1857).

²⁷ Véxase *El Museo Universal* 2 (30/01/1858) e 4 (28/02/1861).

etapa. O apadriñamento de Eduardo Chao e as colaboracións de Benito Vicetto e Ramón de la Sagra simbolizan, en persoas testemuñas e colaboradoras do proxecto provincialista dos

40, esta ligazón entre ambos grupos. E, finalmente, o traballo disposto por Antolín Faraldo é recuperado, exaltado e continuado por Manuel Murguía, director literario de *La Oliva*.

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGULHON, Maurice (1966): *La sociabilité méridionale. Confréries et associations dans la vie collective en Provence orientale la fin du XVIIIe siècle*. Aix-en-Provence: Publications des Annales de la Faculté des lettres (série Travaux et Mémoires XXXVI), 2 vols.
- (2009): *El círculo burgués. La sociabilidad en Francia, 1810-1848*. Buenos Aires: Siglo Veintiuno.
- ANGUEIRA, ANXO (2013): *Das Copras de Sarmiento ós cantares de Rosalía de Castro. Cara a unha nova periodización do Rexurdimento*. Berlín: Frank & Time.
- CAMBRÓN INFANTE, Ascensión (2000): “Emigración gallega y esclavitud en Cuba (1854). Un problema de Estado”, en *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña* 4, pp. 83-108.
- EVEN-ZOHAR, Itamar (1994): “La función de la literatura en la creación de las naciones de Europa”, en D. Villanueva (ed.), *Avances en teoría de la literatura: estética de la recepción, pragmática, teoría empírica y teoría de los polisistemas*. Santiago de Compostela: Universidade.
- (1999): “Factores y dependencias en la cultura. Una revisión de la teoría de los polisistemas”, en M. Iglesias Santos (ed.), *Teoría de los polisistemas*. Madrid: Arcos/Libros.
- FIGUEROA, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade*. Vigo: Xerais.
- FORTES LÓPEZ, Belén (2000): *Manuel Murguía e a cultura galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- GARCÍA CUESTA, Miguel (1853): *Pastoral del Excmo. é Ilmo. Sr. Dr. Don Miguel García Cuesta, arzobispo de Santiago, al clero y pueblo de su diócesis*. Santiago de Compostela: Imprenta y Litografía de D. Juan Rey Romero.
- GONZÁLEZ MILLÁN, Xoán (1995): “Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, pp. 67-81.
- (1997): “¿Etnia ou nación? Algúns desafíos na articulación conceptual do fenómeno nacionalitario”, *A Trabe de Ouro* 32, pp. 451-470.
- (1998): “O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional: achegas a un novo marco de reflexión”, *Cadernos de Lingua* 17, pp. 5-24.
- (1999): “A teoría dos campos sociais en P. Bourdieu”, en R. Álvarez Blanco e D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade.
- (2000): *Resistencia cultural e diferenza histórica*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- HABERMAS, Jürgen (1982²): *Historia y crítica de la opinión pública*. Barcelona: Gustavo Gili.
- HERMIDA, Carme (1992): *Os precursores da normalización*. Vigo: Xerais.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo (2013): “Alejandro Chao, o editor e amigo de Rosalía de Castro”, en *Faro de Vigo* 05/12/2013.

- (2014a): “Rosalia de Castro, a ponte entre o Rexurdimento e a Renaixença”, *eHumanista/IVITRA* 5, pp. 170-189.
- (2014b): “Eduardo Chao e Rosalía de Castro. Unha relación de parentesco”, en *Faro de Vigo* 04/09/2014.
- MAZA ZORRILLA, Elena (coord.) (2002): *Sociabilidad en la España contemporánea: historiografía y problemas metodológicos*. Valladolid: Universidad.
- MOLAS, Joaquim (2005): “Reflexions per a una clausura”, *Anuari Verdaguer. Revista d’Estudis Literaris del Segle XIX* 13, pp. 293-302.
- PASARÓN LASTRA, Ramón (1853): *Monografías sobre el estado en que halló á los colonos pobres de Galicia el hambre que los afligió durante el año de 1853*. Madrid: Imprenta de Luis García.
- RÍOS PANISSE, María do Carmo (1993): “Nuestra Bandera Literaria de Antolín Faraldo, primeiro manifesto artístico galeguista”, *Anuario de Estudios Galegos* 2, pp. 157-171.
- TARRÍO VARELA, Anxo (2004): “Identidade literaria e referentes interliterarios. Algunhas consideracións a propósito da literatura galega”, en A. Abuín González e A. Tarrío Varela (eds.), *Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas na Península Ibérica*. Santiago de Compostela: Universidade.
- THIESSE, Anne-Marie (2010): *La creación de la identidades nacionales. Europa: siglos XVIII-XIX*. Madrid: Ensenada de Ézaro.
- VILLARES, Ramón (2008): “Os fusilados de Carral, de heroes españois a mártires galegos”, en X. L. Axeitos, E. Grandío Seoane e R. Villares (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 399-430.